

**Tim Jackson** é catedrático de "desenvolvemento sustentábel" na *University of Surrey* e director do *Centre for the understanding of sustainable prosperity*. Durante 7 anos foi comisario económico da *UK Sustainable development commission*, cuxo traballo culminou na publicación de *Prosperidade sen crecemento – economía para un planeta finito*. Se ben orixinalmente era un informe para o goberno do Reino Unido, o traballo foi traducido posteriormente para 17 idiomas. É un membro pleno do *Club de Roma*.

**Robin Webster** é unha investigadora e escritora sobre as cuestións ambientais, sendo directora de campaña sobre o clima e a enerxía dos *Amigos da Terra*, durante dous anos e medio. En 2010 axudou a pór en marcha o blogue *Carbon Brief*, onde traballou como *fact checker* (verificadora de datos) e analista ata 2014. Ten escrito extensivamente sobre a política enerxética do Reino Unido e sobre cuestións de sustentabilidade alimentaria. É licenciada en bioloxía e ten un máster en conservación ambiental pola *University College London*.

## Informe do

apgg on limits to growth

O grupo interpartidario de parlamentarios británicos sobre os límites do crecemento ten por obxectivo fornecer unha nova plataforma para o diálogo entre os partidos do Reino Unido, sobre a prosperidade económica nun momento de transición ambiental e social.

# LÍMITES REVISITADO

UNHA REVISIÓN DO DEBATE SOBRE OS LÍMITES DO CRECEMENTO

Tim Jackson  
Robin Webster

